

PLAN DE TRABAJO 2023/2024

4º EDUCACIÓN INFANTIL

A presente programación corresponde ao curso académico 2023-2024, concretando o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Está plantexada a través de propostas de experiencias e que fomenten o desenvolvemento integral do neno/a, a experimentación e o xogo, así como as aprendizaxes significativas e emocionalmente positivas.

O deseño desta programación vértase en torno a 3 premisas:

1. **O respecto polos ritmos individuais** do alumnado, dotándoo de oportunidades e recursos para favorecer o seu achegamento á consecución dos logros máis significativos da etapa na que se atopa, entre os que teremos especialmente presentes:
 - A formación dunha imaxe axustada e positiva de si mesmos. E a toma de conciencia simultánea da súa individualidade, e da súa pertenza a un grupo do que cada un forma parte indispensable.
 - A adquisición dunha serie de valores que lle permitan actuar con autonomía e desenvolver as facultades de manipulación, de observación, de lóxica, de imaxinación, de expresión...
 - A adecuación á realidade e a ampliación do campo perceptivo a través do ambiente.
 - O aumento progresivo da capacidade de actuar sobre o mundo exterior.
2. O emprego do **xogo como eixo vertebrador da súa aprendizaxe**. Empregado como punto de partida para coñecer os intereses e os coñecementos previos dos alumnos, para suscitar a exteriorización de preferencias pola súa parte, e como actividade básica para achegalos de forma lúdica e experiencial a novos coñecementos.

3. Un deseño dos **espazos e tempos**, que favoreza as dúas premisas anteriores, permitindo a nenos e nenas atoparse:
 - a. Co seu corpo, alternando distintos momentos en relación ao mesmo (xogo e movemento, descanso, aseo).
 - b. Coa súa voz e os seus xestos, respectando e estimulando a espontaneidade para expresarse, cuestionarse, sorprenderse...
 - c. Cos seus sentidos, poñendo ao seu dispor na medida do posible materiais e propostas multisensoriais.
 - d. Coa súa capacidade de procura e razoamento, estimulando o desenvolvemento da lóxica integrada na vida práctica (empezando xa pola planificación dos materiais a empregar, clasificación dos mesmos...)
 - e. Coa súa orixinalidade, e creatividade, a través da cabida da diferenza á hora de afrontar os procesos de aprendizaxe e de executar as súas producións. E propiciando e normalizando que a partir de puntos de partida comúns (temáticas/recursos materiais...) resulten variedade de resultados ben diferentes entre si.

UN DÍA NAS NOSAS AULAS

O desenvolvemento habitual dunha xornada nas mesmas inclúe as seguintes rutinas:

- *Rutinas de entrada* durante as que terán lugar o cambio de calzado para acceder máis cómodos á aula, os saúdos individualizados, o emprego autónomo de mochilas e prendas de abrigo deixándoas colocadas nos espazos habilitados...
- Asemblea inicial, tempo adicado á familiarización progresiva do alumnado con:
 - *A orientación espazo-temporal*. Familiarizándoos cunha magnitude tan abstracta como é o tempo, da maneira máis concreta e significativa posible (por exemplo, facilitando o emprego autónomo da axenda escolar, ou propiciando

que mediante o emprego de rexistros gráficos tomen conciencia de como e en que espazos da aula/centro se sucederán os momentos da xornada)

- Adquisición de normas e hábitos de convivencia e resolución de conflitos, *partindo de conversas e diálogos espontáneos* aproveitados para introducir progresivamente algunhas das normas que rexen os intercambios lingüísticos (tempos de espera, respecto da quenda de palabra...)
- Rutinas de Hixiene de mans
- Desenvolvemento da linguaxe, expresión oral,...
- *Dinámicas de recantos*: distintas experiencias que respectan os ritmos de desenvolvemento individuais e fomentan as interaccións cooperativas (guiadas e/ou espontáneas). Levadas cabo simultaneamente en pequenos grupos distribuídos por diferentes espazos delimitados na aula. E que propiciarán que o alumnado poida aprender a través do xogo, poida aumentar as súas posibilidades de autonomía (e consecuentemente o seu grao de autoestima, formándose unha imaxe axustada e positiva de si mesmos), que se eduque na colectividade favorecendo hábitos de orde e respecto, que sinta liberdade e crecente interese por investigar...
- *Rutinas de limpeza, emprego de aseos e autonomía persoal.*
- *Merenda: inxesta do tentempé de media mañá*, aproveitando este momento para continuar lembrando a importancia da adquisición de hábitos de hixiene, alimentación saudable, control postural.
- *Cambio de calzado e recreo.*
- Rutinas de emprego de aseos e hixiene de mans.
- Volta á calma: momento de relaxación para repoñerse trala actividade física levada a cabo durante o recreo.
- Lectura de conto en gran grupo.
- *Continuidade do traballo por recunchos.*
- *Asemblea final, tempo adicado á adquisición progresiva de orientación espazo-temporal (a través da lembranza do acontecido ao longo da xornada), á exteriorización de opinións, preferencias etc. e ao emprego autónomo de pertenzas (axendas ás mochilas, emprego de colares de bus...)*
- *Rutinas de saída: emprego dos aseos e lavado de mans. Emprego autónomo de prendas de abrigo . Cambio de calzado.*

- Comedor.

COMO IMOS AVALIAR?

Considerando como base dos procesos de ensinanza-aprendizaxe anteriores, na avaliación do alumnado teremos en conta **os procesos por riba dos** resultados final, tentando garantir así unha avaliación cualitativa que reflecta como vai desenvolvendo o alumno/a as súas capacidades e competencias.

Os **instrumentos de avaliación** empregados variarán en tipoloxía, sendo o principal a observación directa e sistemática en diferentes momentos da xornada (analizando entre outras cousas, as súas interaccións, a maneira en que afrontan os xogos, os seus graos de autonomía, o apego a figuras docentes e iguais, a autoestima...

Tamén nos valeremos de rexistros anecdóticos, e de intercambios de información coas familias (por exemplo nas titorías) e dos outros mestres/as que participan da vida da aula. E teremos presentes as producións feitas polo alumnado, que nos permitirán (e lles permitirán a eles a través da auto avaliación) ter constancia das dificultades que atopan, das maneiras espontáneas de intentar solucionarlas, da superación das mesmas... e seguir axustando as propostas que sigamos implementando na aula para ilas personalizando e adecuando cada vez máis ás súas necesidades.

| ÁREA DE CRECIMIENTO EN ARMONÍA | | |
|---|----------|-------------------------|
| <p>Centrada na dimensión persoal e social, que se desenvolven e regulan de forma conxunta, progresiva e armónica.</p> <p>A través desta área desenvolverase o proceso de construción persoal. As interaccións cos demais nenos/as e persoas adultas e co medio serán fundamentais para o coñecemento propio, para diferenciarse dos demais e para ter unha identidade única e diferente. O crecente control do propio corpo vailles permitir darse conta das propias posibilidades e limitacións, así como gañar en autonomía e independencia con respecto das persoas adultas.</p> <p>O corpo e a propia imaxe (axustada ao esquema corporal), o control progresivo do mesmo a través do xogo e movemento, a vida cotiá dentro e fóra da aula, o coidado persoal, o desenvolvemento das emocións e a adquisición de hábitos para a vida serán elementos de aprendizaxe no día a día da aula.</p> | | |
| COMPETENCIAS | CONTIDOS | MATERIAIS / METODOLOXÍA |

| | | |
|---|--|--|
| <p>.C PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER .C CIDADÁ .C.EMPREENDEDORA</p> | <ul style="list-style-type: none"> ● Recoñeceremos e representaremos o noso corpo na súa globalidade e as diferentes partes. ● Traballaremos para controlar e coordinar o noso corpo e as súas posibilidades motrices adaptándonos ás características dos obxectos e na vida cotiá. ● Recoñeceremos os sentidos e identificaremos as percepcións e sensacións que nos entran a través dos mesmos. ● Axudaremos a crear unha imaxe positiva propia, aceptando como somos cada un de nós, coñecendo as nosas posibilidades e limitacións, así como a dos demais. ● Identificaremos e manifestaremos os nosos sentimentos, vivencias e emocións comprendendo as dos demais. ● Participaremos en xogos e actividades motrices mostrando destrezas motoras e habilidades motrices aceptando as normas que os rexen. ● Desenvolveremos a nosa autonomía e iniciativa tratando de desenvolver as tarefas por nós mesmos/as. ● Adquiriremos hábitos e rutinas para a vida diaria: ir ao baño, lavar as mans e outros hábitos de hixiene e coidado persoal, respectando e coidando espazos. ● Aprenderemos a valorar os riscos e a ser coidadosos ante eles. | <ul style="list-style-type: none"> ● Libreta persoal. ● Zona de perchas. ● Caixa das axendas. ● Carné bus. ● Nomes con fotos para pasar lista ● Plan do día, apoio visual no que se inclúe a progresión dos momentos do día para propiciar a orientación espazo-temporal do alumnado. ● Panel do tempo para observar e deixar reflectido que día vai hoxe, que día é, semana, mes... ● Encerado dixital interactivo ● Materiais elaborados pola titora para traballar algún tema concreto. ● Fotos, textos... e outras cousas aportadas polos nenos/as que inciten a facelos falar e expresar ideas. ● Xogo simbólico: cociña, bonecos, comida, peiteado... |
|---|--|--|

Critérios de avaliación

- Identifica e nomea as partes do seu corpo e segmentos do mesmo.
- Ten unha boa coordinación de movementos: salta, move o corpo con axilidade....
- Discrimina obxectos polas súas características sensoriais.
- Solicita axuda dun modo correcto, se a precisa.
- Gústalle facer encargos e ter responsabilidades.
- É autónomo /a nas tarefas vinculadas ao seu coidado persoal e saúde (ir ao baño, calzarse e descalzarse, limpar o nariz, etc.)
- Acepta aos compañeiros/as.
- Expresa e identifica nel mesmo/a diferentes emocións.
- Participa con agrado en xogos e respecta as consignas verbais e as normas dadas.
- Recolle e coida os obxectos da clase.
- Coñece o centro e oriéntase para localizar lugares coñecidos.
- Non amosa actitudes discriminatorias ante as diferenzas.
- Coñece e respecta as normas da escola e da aula.
- Está adaptado/a ao ritmo da aula.
- Participa nas actividades e tarefas que se lle propoñen.
- É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade.
- Emprega correctamente fórmulas de cortesía (saúdos, perdón, por favor, grazas...)

ÁREA DE DESCUBRIMIENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA

Nesta área de coñecemento e experiencia preténdese favorecer o proceso de descubrimento, observación e exploración dos elementos físicos e naturais da contorna. Farano a través de contidos que potencien o pensamento lóxico-matemático, favorecendo nocións de tempo, espazo, causalidade, cuantificación e a resolución de problemas que se presentan na súa vida cotiá.

O achegamento á natureza, ao medio a aos seres e elementos que a integran será outra fonte de contidos que saciará a súa curiosidade innata e natural.

O coñecemento de como nos organizamos social e culturalmente completará os contidos que abranguen este área.

| COMPETENCIAS | CONTIDOS | MATERIAIS / METODOLOXÍA |
|---|--|---|
| <p>.C PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER .C CIDADÁ .C EMPRENDEDORA .C MATEMÁTICA, EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA .C DIXITAL .C CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI</p> | <ul style="list-style-type: none"> ● Exploraremos e clasificaremos os elementos e obxectos que nos rodean para recoñecer as súas calidades, atributos e posicións. ● Empregaremos os números vivenciados dentro da vida cotiá, achegándonos á identificación da súa grafía. ● Propoñeremos e resolveremos problemas sinxelos relacionados coas nosas actividades cotiás. ● Ordenaremos temporalmente feitos da nosa vida cotiá. ● Observaremos os cambios que se producen no medio e aprenderemos a respectalo e conservalo. ● Coñeceremos o nome das distintas persoas da comunidade educativa importante para a nosa vida cotiá na escola. ● Recoñeceremos tradicións propias da nosa zona e participaremos activamente na súa celebración: o Magosto, o Samaín, o Nadal, o Entroido... | <ul style="list-style-type: none"> ● Ensartables, apilables e encaixables ● Xogos de lóxica e dominós ● Materiais de refugallo: tapóns de cores, caixas, pinzas... ● Materiais da natureza: follas, froitos, cunchas, pedra... ● Ferramentas e útiles da natureza: semilleiros, macetas, botes, ferramentas de xardinería ● Lupas ● Láminas, PDI e libros de imaxes. ● Diario de aula con fotos. ● Visitas polo centro e dependencias escolares. |

Criterios de avaliación

- Selecciona obxectos atendendo a criterios sobre calidades e atributos dos mesmos e os verbaliza.
- Interésase polos números que o rodean na súa vida cotiá.
- Participa na resolución de problemas cotiás.
- Ordena temporalmente as súas actividades cotiás básicas.
- Comeza o uso do calendario para situar no tempo acontecementos relacionados coa súa vida.
- Gusto e respecto por coñecer e interactuar coa natureza.
- Participa activamente nos proxectos e investigacións que se desenvolvan.
- Recoñece e identifica ás persoas que conviven na escola.
- Coñece as rutinas de aula e participa nas mesmas de forma axeitada.
- Colabora na vida da aula respectando e amosando empatía polos iguais e os adultos de referencia.
- Participa e recoñece as celebracións e eventos que se celebran na escola e no contorno.

ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

Con este área se recollen as diferentes linguaxes e formas de expresión, que contribúen ao desenvolvemento integral e armónico. Preténdese desenvolver as capacidades que lles permitan comunicarse a través de diferentes linguaxes e formas de expresión, contribuír a mellorar a relación de nenos/as co medio a través de diferentes formas de comunicación e representación.

Esta área abrangue a linguaxe verbal para falar, escoitar e conversar, achegarnos á lingua escrita, iniciarmos no coñecemento doutras linguas e desenvolver outras formas de expresarnos a través doutras linguaxes artísticas como a plástica, a musical e a corporal e a linguaxe audiovisual e dixital.

COMPETENCIAS

CONTIDOS

MATERIAIS / METODOLOXÍA

| | | |
|--|---|--|
| <p>.C EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA .C PLURILÍNGÜE .C DIXITAL .C CIDADÁ .C EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN E CULTURAIS .C PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Empregaremos a lingua oral de modo conveniente para unha comunicación positiva tanto con iguais como con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas. • Traballaremos para comprender mensaxes orais diversas mostrando actitudes de escoita. • Practicaremos con diferentes propostas de xogos lingüísticos. • Amosaremos interese por textos escritos relacionados coa nosa vida cotiá (folletos, contos, rimas...) • Produciremos textos diversos con distintos propósitos e intencións. • Gozaremos compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas... • Empregaremos a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo de entretemento e gozo. • Expresarémonos empregando diversos medios, materiais e técnicas de diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais. • Potenciaremos diferentes posibilidades de expresión e representación, tanto musicais como do noso propio corpo e do medio. • Gozaremos coas nosas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas das mesmas. • Empregaremos linguaxes audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación para expresarmos e comunicarnos. | <ul style="list-style-type: none"> • Libros de contos e poesías. • Libros feitos na escola asociados aos proxectos e ao día a día dos nenos/as. • Textos prescriptivos: revistas, xornais, folletos de propaganda, receitas, carteis, murais... • Letras móbiles. • Letras de elaboración na aula con diferentes materiais. • Letras apoiadas en materiais de refugallo ou da natureza (tapóns, piñas, plantas...) • Álbumes coas fotos para traballar os nomes. • Tarxetas con imaxes para traballar o vocabulario. • Libreta persoal onde se recollen diferentes escritos. • Calendarios. • Encerado dixital interactivo. • Material e ferramentas: lapis de cores, témperas e acuarelas, rotuladores finos e grosos, ceras duras e brandas, pinceis grosos e finos, tesoiras, punzóns, pegamento, cola • Papeis de diferentes texturas • Plastilinas • Gomets • Materiais da natureza. • Materiais de refugallo. • Calquera outro material que nos permita crear. • Instrumentos musicais. |
|--|---|--|

Criterios de avaliación

- Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.
 - Usa frases de construción sinxelas.
 - Presta atención ás informacións que se están a transmitir.
 - Comprende instrucións sinxelas, ordes, consignas habituais.
 - Percibe que as palabras e imaxes teñen unha funcionalidade na vida cotiá.
 - Interésase polas palabras escritas e comeza a experimentar con elas.
 - Iníciase no uso da escritura en situacións contextualizadas e reais.
 - escoita a lectura en voz alta de diferentes tipos de textos e participa en xogos lingüísticos.
 - Fai uso da biblioteca respectándoa, coidándoa e valorándoa como espazo de diversión e coñecemento.
 - Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais e elementos da contorna.
 - Valora e respecta as producións propias e dos compañeiros/as.
 - Traballa con interese con calquera tipo de material.
 - Gústalle e lémbrese de cancións e fragmentos de música traballados.
 - Participa cando se fan actividades musicais, expresivas e de dramatización.
 - Descubre as posibilidades expresivas e sonoras do seu corpo.
- Amosa interese e gusto polas actividades nas que se empregan as Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

MODALIDADES DE DOCENCIA

| | | PRESENCIAL | NON PRESENCIAL | SEMIPRESENCIAL |
|---------------------|----------|---|--|---|
| MEDIOS COMUNICACIÓN | FAMILIA | Axenda. - Telegram. - Web do centro. - Telefónica. - Abalar | Telegram. - Web do centro. - Correo electrónico. - Abalar. | Axenda - Telegram. - Web do centro. - Correo electrónico. - Telefónica. - Abalar. |
| | ALUMNADO | Aula. | Telegram. | Aula. - Telegram. |
| RECURSOS EDUCATIVOS | ALUMNADO | - Recursos informáticos. - Material didáctico e manipulativo. - Libreta. - Material gráfico. - Recunchos. - Axenda. - Fichas fotocopiabiles | Genially. - Google docs. - Edpuzzle. - Fichas interactivas - Visionado de vídeos, contacontos - Xogos dixitais (Árbol ABC, Orbitaletras,...) - Proposta de actividades para imprimir. | Combinación das dúas anteriores. |
| METODOLOXÍA | ALUMNADO | Ver “Un día nas nosas aulas” | Incidirase nos aspectos esenciais do currículo e nos mínimos esixibles. Realizaranse vídeos tutoriais enviados polas mestras con propostas de actividades, contacontos, etc. Individualmente realizarán as actividades propostas por telegram. | Traballaremos de xeito presencial os aspectos esenciais do currículo mediante materiais manipulativos da aula dun xeito globalizado e incidindo no traballo cooperativo. No ámbito non presencial traballaranse propostas de actividades enviadas polas mestras e que poidan realizar de xeito máis autónomo (reparar trazos, etc.) |

| | | | | |
|-----------------------------------|-----------------|--|---|----------------------------------|
| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | ALUMNADO | Observación directa e sistemática. - Táboas de dobre entrada. - Rexistros anecdóticos. - Producións feitas polo alumnado. - Información extraída das familias e outros/as mestres/as | Produción de traballos. - Actitude e participación. | Combinación das dúas anteriores. |
|-----------------------------------|-----------------|--|---|----------------------------------|